

Viaxe iniciática

A *Viaxe a Libunca* é o volume gañador da VI edición do premio de Literatura Infantil e Xuvenil Raíña Lupa, convocado pola Deputación Provincial da Coruña, publicado recentemente pola editorial Galaxia. Non é unha obra estreitamente xuvenil, que non se engane o público pensando que é un libro para a rapazada porque apareza na colección “Costa Oeste” ou porque o seu protagonista sexa un rapaz.


A historia é basicamente unha viaxe iniciática, un camiño cara a unha particular Ithaca chamada Libunca ao longo da cal están moi presentes todas as nosas relacións antropológicas coas forzas sobrenaturais. Neste sentido créase todo un universo que partindo da xeografía real de Ferrolterra o autor poboá de personaxes que beben daqueloutros do mestre Cunqueiro. E así a cada novo capítulo entramos nunha realidade con entidade abonda como para ser ela soa xermolo doutra creación literaria, e velaí están as vedoiras, os ebanistas, os andadores, as compostoras... rodeados dunha atmosfera que abala entre o realista e o máxico.

Cando se lle concedeu o

premio, o xurado sinalou que a obra está “construída cunha lingua que fai evidente unha estimable ambición literaria e vocación de estilo”, e non lle faltaba razón. Neste sentido atopamos no ferrolán o que noutrous escritores da literatura galega actual botamos de menos, un discurso limpo onde vemos reflectido o engado da nosa lingua. E isto provén dunha refinada elaboración do discurso que ofrece riqueza léxica, recreación fraseolóxica, sintaxe coidada de tal xeito que consegue a fórmula exacta para nos ofrecer algo tan difícil de acadar como a “naturalidade”. E así, do mesmo xeito que Xoán Froilaz mestura os metais sabiamente para a fabricación de cata-

ventos para localizar malos aires, Antonio Yáñez mestura as palabras na súa peculiar fabricación do discurso literario.

Viaxe a Libunca é deses libros que, ademais da edi-



A riqueza de Libunca

 PILAR PONTE

ción actual, merecerían unha outra en gran formato e con fermosas ilustracións dignas do texto: un produto no que algún dos nosos habelenciosos ilustradores, que no país habelos hainos, nos inventase os mapas, a xeografía e as personaxes para deleite dos nosos sentidos. Nin tampouco se pode ocultar a idoneidade da historia para se achegar a outras formas creativas como o cómic ou o cine. Sería deseable que este universo polo que o autor “ferrolea” non fine nesta obra senón que lle dea pé a novas creacións.

Como xa manteñen algúns ilustres lectores, como Xabier Docampo, a *Viaxe a Libunca* é un libro que non os ha deixar indiferentes, abofé que non. E áinda que ganas non faltan, non desvelaremos o feitió do final por aquilo de manter o segredo, mais, sobre todo, por lle sermos fieis á vedoira de Valverde.

YÁÑEZ,
ANTONIO: *Viaxe a Libunca*; Ed. Galaxia;
Vigo, 2007, 116 páginas.